



# CÓDIGO ÉTICO

## **SUMARIO**

### **PARTE I. CONSIDERACIÓN PRELIMINARES**

1. Propósito
2. Ámbito de aplicación
3. Compromisos básicos de actuación
4. Organización do Código Ético

### **PARTE II. FUNDAMENTOS DO CÓDIGO ÉTICO**

1. Misión, Visión e Valores da Fundación Menela
2. Principios Esenciais
3. Dereitos das Persoas con Trastornos do Espectro Autista

### **PARTE III. COMPROMISOS DE ACTUACIÓN INDIVIDUAL E COLECTIVA**

#### **Principios Xerais**

- A. Pautas de comportamento asumidas por profesionais e voluntarios da Rede Menela
  1. Respecto dos Usuarios e Familias
  2. En relación con Compañeiros de Traballo
  3. Respecto da Organización e o Traballo Diario
- B. Pautas de comportamento dos membros dos Equipos de Dirección e Xestión da Rede Menela e dos Responsables dos seus Centros e Servizos
  1. Respecto dos Usuarios e Familias
  2. En relación co Persoal ao Servizo da Entidade
  3. En relación aos Provedores
  4. En relación coa Rendición de Contas
  5. En relación co Medio Ambiente

### **PARTE IV CONSIDERACIÓN FINAIS**

#### **Conflicto de intereses**

1. Actividade laboral externa
2. Familiares e relacións persoais próximas
3. Agasallos e Dádivas

#### **Criterios de Interpretación, Difusión e Actualización**

Os membros do Padroado da FUNDACION MENELA, os compoñentes dos seus órganos de dirección e o conxunto de seus profesionais, así como os da empresa CASTRO NAVÁS SL e os de Fundación Tutelar “Camiño do Miño”, que integran a Rede de Centros e Servizos de Fundación Menela para o Autismo e **a Dependencia (en adiante, “Rede Menela”)**, **somos conscientes da nosa obriga de** actuar en favor do interese das persoas con TEA e de guiarnos polos fins esenciais de servir ás persoas e familias usuarias da nosa Rede Menela e garantir o cumprimento da nosa Misión. Estamos convencidos de que a nosa función está ao servizo dos seus intereses e desenvólvese con base aos principios éticos de igualdade, eficiencia e transparencia. Asumimos a nosa responsabilidade con vocación de servizo, honradez, transparencia, equidade e solidariedade a partir da ética e da excelencia como principio de actuación individual, colectivo e corporativo.

Somos corresponsables da xestión da Entidade, porque recoñecemos e aceptamos as consecuencias dos actos ou feitos empregados no cumprimento das nosas funcións, e dos resultados dun plan de acción no cal participamos, en maior ou menor grao, cos demais membros da nosa organización, segundo o nivel directivo, asesor, profesional, técnico, administrativo ou operativo dos nosos cargos dentro da Rede Menela.

## PARTE I. CONSIDERACIÓNS PRELIMINARES

### 1. Propósito

Con este Código Ético pretendemos dotar ao conxunto de Centros e Servizos da Rede Menela dunha ferramenta que permita manter ou, no seu caso, recuperar os valores propios dunha organización capaz de influír dende a súa esfera de actuación na transformación social, en relación á persoa que participa como usuario da nosa entidade a partir da ética, os valores e dos principios básicos que dela se desprenden.

### 2.- Ámbito de aplicación

O presente Código é asumido por tódalas persoas que, directa o indirectamente, están involucradas no desenvolvemento da nosa Misión e Valores co compromiso de aplicalo en todos os seus extremos. En concreto, será de aplicación para:

- Os membros do Padroado das entidades que forman a Rede Menela (Fundación Menela, Fundación Tutelar “Camiño do Miño” e da empresa Castro Navás S.L).

- Os compoñentes dos órganos do Comité Executivo, Equipo Técnico da Rede Menela así como os directores e responsables de Centros e Servizos ou calquera outros membros dos servizos en vías de constitución e/ou consolidación calquera que sexa o seu nivel de responsabilidade e a súa relación xurídica que manteña coa Fundación Menela.
- O persoal suxeito as entidades da Rede Menela por unha relación laboral ou mercantil, con independencia da súa función, lugar ou posto de traballo.
- O persoal dependente de empresas externas contratadas pola entidade para prestar servizos regulares nalgún Centro ou Servizo da Rede Menela.
- Persoal Voluntario, alumnos en prácticas ou calquera outra relación de semellante natureza.

Os principios e valores institucionais teñen aplicación en todos os ámbitos de acción da Rede Menela e todos somos responsables da súa observancia.

### 3.- Compromisos básicos de actuación

No exercicio das nosas competencias, o conxunto de persoas incluídas no ámbito de aplicación deste Código Ético extremaremos á busca do ben común da entidade e os seus usuarios, evitando condutas individualistas ou sectarias e primando os principios de honradez e transparencia. No exercicio das nosas función procuraremos actuar con dilixencia, orientándonos cara a excelencia, evitando inxerencias de intereses persoais ou abusos de poder.

Na observancia dos criterios e orientacións aquí contidos, e dentro das nosas responsabilidades, exerceremos a dirección e o liderado mediante o exemplo, tanto de palabra coma de acción, e seremos responsables da súa promoción. Propiciaremos comunicacións abertas e honestas e seremos dilixentes na identificación e denuncia de comportamentos ilegais ou contrarios á ética, tomando dende o noso nivel de responsabilidade, as medidas mais axeitadas e consistentes para eliminálos.

### 4. Organización do Código Ético

O Código Ético desenvolve normas éticas para cada un dos dereitos seleccionados. Entendemos por normas éticas unha serie de regras ás que se deben axustar as condutas, tarefas e actividades das persoas co fin de salvagardar os dereitos das persoas con Trastornos do Espectro Autista (TEA), Seleccionándose aqueles dereitos baseados na **Carta de dereitos** para as persoas con autismo adoptada polo **Parlamento Europeo** (9 de maio de 1996) ou dos **Dereitos** aceptados na **Convención sobre os dereitos das persoas con Discapacidade** proclamada na Asemblea das Nacións Unidas (24 de xaneiro de 2007).

## PARTE II. FUNDAMENTOS DO CÓDIGO ÉTICO

### 1. Misión, Visión e Valores da Fundación Menela

A Misión de Fundación Menela e a de contribuír a mellorar a calidade de vida das persoas con Trastornos do Espectro Autista (TEA) e defender a súa dignidade como cidadáns, dando resposta ás súas necesidades específicas ao longo de todo o seu ciclo vital.

A visión Ser un referente na atención a persoas con TEA en Galicia, e ampliar o alcance dos seus servizos a outras formas de dependencia, solidamente relacionados co outras entidades do sector no ámbito internacional

A Fundación Menela basea a súa actuación nun conxunto de valores propios que representan o seu sinal de identidade. Algúns deste valores foron xurdindo ao longo do camiño que a entidade percorreu dende a súa constitución e outros forman parte do legado transmitido ao través dos tempos polos Patróns fundadores.

Os valores nos que a Fundación Menela cree, e que defende son:

- Compromiso coa mellora continua
- Transparencia
- Confianza en nos mesmos
- Honestidade e Ética
- Traballo de calidade
- Respecto mutuo
- Paixón polo saber

### 2. Principios Esenciais

Os principios esenciais que guían a nosa conduta débense materializar e fortalecer en cada acto diario de tal maneira que a partir do compromiso individual contribuíamos á formar parte dunha comunidade máis solidaria na cal nos sintamos orgullosos. En momentos difíciles ou críticos son os valores os que sacan adiante ás persoas e ás empresas.

Os principios esenciais que marcan o camiño dos profesionais da Rede Menela son os seguintes:

#### *Servizo*

*Na satisfacción das necesidades dos nosos usuarios e clientes.*

A Rede Menela, orienta os seus procesos a brindar unha resposta axeitada e efectiva ás demandas e necesidades presentadas polos seus usuarios e familias. Tódolos servizos da Rede Menela debe orientar as súas capacidades e potencialidades cara á satisfacción óptima das necesidades xerais dos seus atendidos nos diferentes sectores que a conforman.

### ***Responsabilidade***

*No compromiso de asumir as consecuencias das accións ou omisións dos nosos actos.*

A Rede Menela responde á súa Misión adoptando políticas, plans e proxectos e corresponderá aos seus profesionais cumprir coas funcións ou actividades propias do seu cargo ou desempeño, e así mesmo, responder por acción ou omisión, de xeito solidario, polos feitos en que incorran polos seus actos.

### ***Probidade***

*Na integridade á hora de actuar e en decidir.*

A Rede Menela procede con base nos principios éticos institucionais e na súa propia responsabilidade, procurando satisfacer o interese xeral e rexeitando as vantaxes persoais. A dirección da Rede Menela aplica unha forma de xestión íntegra, sometida aos principios da transparencia, estando a disposición da comunidade dun xeito claro e unificado.

### ***Compromiso***

*Na fidelidade ás nosas conviccións e a nosa misión.*

A Rede Menela asume a súa función de cumprir cos proxectos orientados ao desenvolvemento dos dereitos individuais e colectivos dos seus usuarios. Cada unha das actuacións dos profesionais baséanse no sentido do deber e a actitude responsable para o cumprimento dos seus plans de actuación, a súa misión e visión institucional, de maneira que se consolide un beneficio para a Entidade, para o conxunto das persoas atendidas e para toda a Comunidade.

### ***Transparencia***

*Na nosa actuación.*

En tódalas as actuacións da Rede Menela se fai evidente a claridade e nitidez, mediante a divulgación aberta dunha información veraz sobre os procesos que se desenvolven internamente. A conduta de todos os Profesionais da Rede Menela será clara, sen dúbidas nin ambigüidades, aberta á súa observancia por parte de todos os grupos cos que interactuar.

### ***Confianza***

*Credibilidade nas nosas actuacións.*

A Rede Menela compromete todo o seu empeño coa comunidade, na obtención dos mellores resultados co fin de consolidar nesta un sentimento de seguridade fronte ás súas actuacións. Os Profesionais da Rede Menela desempeñan as súas funcións con idoneidade, e prácticas para o benestar das persoas usuarias e as súas familias.

***Efectividade***

*Logrando o obxectivo proposto e utilizando racionalmente os recursos públicos e privados dos que dispoñemos.*

A Rede Menela traballa optimizando os recursos dispoñibles, para o cumprimento dos seus obxectivos trazados nas políticas que se implementan para a satisfacción dos seus usuarios, ás súas familias e os grupos de interese.

***Participación***

*No desenvolvemento de obxectivos comúns.*

No cumprimento da súa Misión, a Rede Menela propicia a efectiva participación e seguimento entre os seus integrantes e demais entidades públicas, como entre os seus usuarios, representantes legais ou familias.

***Corresponsabilidade***

*Na actuación e sentido de pertenza.*

Compartimos a responsabilidade no cumprimento da Misión da entidade porque recoñecemos e aceptamos as consecuencias que teñen as nosas actuacións nos resultados do Plan de Acción no que somos partícipes, en maior ou menor grao, segundo o nivel directivo, asesor, profesional ou técnico dos nosos cargos.

***Excelencia***

*Como sinónimo de traballar con esmero e dedicación.*

Traballamos permanente en función da mellora continua na prestación dos nosos servizos con vocación e entrega para superar as expectativas dos nosos usuarios externos e internos.

**3. Dereitos das Persoas con Trastornos do Espectro Autista.  
Convención dos Dereitos das Persoas con Discapacidade (ONU, 2007).**

Igualdade e non discriminación (Art. 5)

Accesibilidade (Art. 9)

Protección contra a explotación, a violencia e o abuso (Art. 16)

Dereito a vivir independentemente e a ser incluído na comunidade (Art. 19)

Liberdade de expresión e opinión e acceso a información (Art. 21)

Respecto da privacidade (Art. 22)

Educación (Art. 26)

Saúde (Art. 25)

Formación, intervención e apoio (Habilitación e rehabilitación (Art. 26)

Traballo e emprego (Art. 27)

Participación na vida cultural, as actividades recreativas, o esparcemento e o deporte (Art. 30)

### **PARTE III. COMPROMISOS DE ACTUACIÓN INDIVIDUAL E COLECTIVA**

#### Principios Xerais

Na Fundación Menela temos presente que existimos por e para os nosos usuarios e a as súas familias, e que o bo trato, a amabilidade e o respecto é o noso compromiso. Adoptamos permanentemente unha actitude de que toda persoa pode progresar se conta co apoio necesario e coidamos de manter coas persoas usuarias unha relación cálida e significativa.

Utilizamos, en relación á persoa usuaria, modos ou linguaxes que non afecten á súa dignidade e autoestima. Velamos por que teñan oportunidades de relación social baseadas no afecto sincero.

Temos sempre en conta os dereitos da persoa usuaria, aínda que non poda facer valer estes dereitos eficazmente. Como organización promovemos a reivindicación de dereitos das persoas e familias sempre que sexan manifestamente lesionados.

Velamos continuamente por dar unha atención personalizada, individualizada e de calidade, promovendo no noso traballo a confiabilidade e a responsabilidade, esforzándonos en mellorar a nosa capacitación profesional.

Impediremos, dentro das nosas posibilidades, e denunciaremos as situacións de inxustiza manifesta, maltrato ou trato vexatorio e calquera outra acción.

Subministramos información oportuna e veraz.

Cumprimos as nosas tarefas sen esperar, pedir nin recibir por elo comisións, agasallos ou dádivas.

Protexemos a información confidencial dos nosos usuarios, informando sempre ás súas familias ou representante legais do uso que se faga da mesma. Colaboramos no mantemento das medidas establecidas pola organización que restrinxan o acceso á devandita información de calquera axente externo non autorizado.

Somos imparciais no desempeño das nosas funcións sen preferencias, discriminacións ou consideracións económicas, sociais, relixiosas, políticas ou doutra índole. Non exercemos o noso poder técnico ou a nosa influencia para manter ou fomentar relacións xerárquicas de desigualdade con familias ou clientes

Entendemos a formación como un deber derivado do compromiso cara o usuario e participamos nas accións formativas establecidas nos plans de formación da organización



**A. PAUTAS DE COMPORTAMENTO ASUMIDAS POLOS PROFESIONAIS  
E VOLUNTARIOS DA REDE MENELA**

***1. RESPECTO DOS USUARIOS E ÁS SÚAS FAMILIAS***

**Igualdade e Non Discriminación**

- Favoreceremos a inclusión das persoas con TEA en actividades na comunidade en igualdade de oportunidades.
- Informaremos a Fundación Menela de todas aquelas situacións nas que se vulnere a igualdade de oportunidades e se valore un trato discriminatorio.
- Daremos un trato de respecto e igualdade en función das variables persoais, culturais e relixiosas das persoas con TEA e as súas familias, adaptando os apoios de forma axustada ó que poda necesitar.

**Accesibilidade**

- Adaptaremos os contornos para que sexan accesibles, coñecendo e aplicando o protocolo para a inclusión, onde se establezan accións concretas que melloren o acceso a actividades en inclusión e a accesibilidade das persoas con TEA.
- Dotaremos de habilidades ás persoas con TEA para a súa participación en actividades inclusivas.
- Facilitaremos ás familias dos recursos necesarios para o uso e participación en servizos e eventos comunitarios.
- Favoreceremos de forma prioritaria actividades ou servizos en contornos inclusivos evitando a súa segregación ou separación da vida cotián e asegurando os apoios necesarios para desenvolvelas.
- Estableceremos unha avaliación individualizada para determinar o nivel de apoios persoais e visuais.

**Protección contra a explotación, a Violencia e o Abuso**

- Velamos para que as persoas con TEA non sufran ningún tipo de abuso en ningún dos contextos.
- Participamos na formación en canto ó protocolo de prevención de abusos.
- Participamos nos procesos de valoración das competencias profesionais e normas de trato que aseguren a ausencia de situacións de abuso.
- Comunicamos aos nosos responsables aquelas situacións que puideran desembocar en abusos.
- Comunicamos, en base ó establecido no protocolo, os abusos evidentes ás persoas con TEA por parte doutros profesionais.

## Vida independente e inclusión na Comunidade

- Aseguramos unha participación activa e autodeterminada no contorno no que viva a persoa con TEA, prestando apoios para o seu mellor desenvolvemento persoal.
- Favorecemos os apoios axeitados para desenvolver a capacidade de decisión e as habilidades necesarias para lograr o maior nivel posible de independencia en todas as fases do desenvolvemento da persoa con TEA.

## Liberdade de Expresión, Opinión e Acceso á Información

- Desenvolverán obxectivos centrados no fomento da autodeterminación, desenvolverá vías para recoller a súa opinión, e asegurará que estas opinións sexan claves para prestar os apoios e orientar a súa vida.
- Asegurarán a participación da persoa con TEA, dentro das súas posibilidades, na elaboración dos seus plans de apoio, actividades e no seu proxecto vital.
- Estarán permanentemente orientados e serán sensibles ás opinións da persoa con TEA, calquera que sexan as formas de expresalas.
- Desenvolverán apoios e programas específicos de comunicación que lle aporte ás persoas con TEA os recursos necesarios para a mellor expresión e comprensión de todos os contornos e dará formación e apoio ás familias.

## Respecto á Privacidade

- Facemos un uso axeitado da información da persoa con TEA, que asegure a privacidade da súa información persoal, de saúde e de intervención, o que si esta é empregada sempre sexa en pro de asegurar unha óptima participación na comunidade.
- Asegurámonos o respecto e a privacidade con respecto ó persoal de apoio, compañeiros ou outras persoas sobre aspectos persoais (aseo, sexualidade, intereses persoais, problemas de conduta, etc.).
- Respectamos a lei de protección de datos para salvaguardar a información dos usuarios.

## Educación

- Realizamos Plans de apoio individualizados centrados na aprendizaxe continua, ofrecendo apoios axustados ás súas necesidades e fomentando o desenvolvemento das súas capacidades, sen menosprezar as posibilidades de desenvolvemento e progreso da persoa con TEA, ó longo de toda a vida.
- Centramos a formación e educación nunha avaliación previa das necesidades e expectativas.

## Saúde

- Incluímos obxectivos de benestar físico dentro da programación.
- Informamos ás familias da evidencia científica dos tratamentos e intervencións así como xustificarán as estratexias empregadas.
- Cumprimos o protocolo sobre administración da medicación, seguindo estritamente pautas establecidas por un especialista, así como un control axeitado dos efectos que poden ter sobre a persoa con TEA.
- Informamos sobre as mellores prácticas dispoñibles e fomentarán o coñecemento sobre as características da poboación con TEA por parte do profesional sanitario e a creación de contornos sanitarios amigables.
- Apoiamos á persoa con TEA e á súa familia na educación sexual.

## Formación, Intervención e Apoio

- Preparámonos naquelas metodoloxías e prácticas baseadas na evidencia, buscando toda aquela formación extra que poda beneficiar o desenvolvemento e progreso da persoa con TEA.
- Desenvolvemos un formato de colaboración coa familia no que se estableza unha relación equitativa para o desenvolvemento de obxectivos para a persoa con TEA, desde o respecto e a empatía.
- Estamos comprometidos coa mellora continua, un espírito creativo e unha actitude humilde no traballo de apoio ás persoas con TEA.

## Traballo e Emprego

- Avaliamos axeitadamente o perfil vocacional da persoa, incluíndo os seus intereses e capacidades, orientados á formación e preparación para o emprego.
- Desenvolvemos obxectivos nos Plans Individualizados de Apoio que se orienten á adquisición de habilidades e destrezas para a adquisición dun emprego.
- Apoiamos á persoa con TEA na defensa dos seus dereitos laborais.

## Lecer e Tempo Libre

- Ofrecemos actividades que sexan do interese das persoas con TEA e que aseguren a súa participación na comunidade en igualdade de condicións.
- Adaptamos as actividades, mediante o uso de apoios que faciliten a participación da persoa con TEA dunha maneira normalizada en contornos comunitarios.
- Ofrecemos diferentes oportunidades culturais, recreativas e deportivas nas que poda participar a pesar da súa tendencia a gozar de actividades rutinarias, sempre respectando a súa autodeterminación.
- Orientamos e asesoramos ás familias na busca destas actividades.
- Ensinamos ás persoas con TEA aquelas habilidades que lle podan facilitar o acceso a estas actividades.

## **2. EN RELACIÓN CON COMPAÑEIROS DE TRABALLO**

- Seleccionamos e vinculamos os profesionais de xeito obxectivo e baseados na súa capacidade e idoneidade.
- Tratamos os nosos compañeiros e compañeiras con respecto e dignidade. Son inaceptables as condutas abusivas, ofensivas e acusadoras ou que deteriorenen a súa autoestima. Están prohibidos as ameazas e actos de violencia ou intimidación de calquera tipo.
- Utilizamos con eficacia e fluidez as estruturas de comunicación establecidas, facendo apartacións construtivas e aceptando de bo grado as suxestións e as críticas profesionais.
- Fomentamos a formación e o fortalecemento de principios e valores éticos mediante o exemplo e o compromiso institucional.
- Cumprimos os compromisos asumidos e practicamos a puntualidade como unha mostra de respecto co usuario e os compañeiros de traballo.

## **3. RESPECTO DA ORGANIZACIÓN E O TRABALLO DIARIO**

- Colaboramos, cando somos requiridos, nos procesos de planificación e avaliación e cumprimos cos plans de traballo e o Plan de Acción da Entidade
- Avaliamos permanentemente o desempeño das nosas funcións, o cumprimento das metas e dos plans para propender polo seu melloramento continuo.
- Utilizamos eficiente, rendible e coidadosamente os recursos públicos sen gastar máis do necesario e promovemos a cultura do aforro e do autocontrol.
- Respectamos os principios e normas de funcionamento da organización, colaborando eficazmente na súa realización práctica.
- Acatamos as normas de saúde ocupacional e seguridade laboral. Abstémonos de consumir substancias psicoactivas que impidan o seguro e eficiente cumprimento das funcións.
- Administramos a información da Entidade confidencialmente segundo as políticas de protección e seguridade establecidas para tal fin e non a usamos para fins propios.
- Adoptamos unha actitude positiva de respecto e protección do ámbito cultural, en particular a lingua e a cultura galega, e do medio ambiente.
- Estamos atentos para suxerir calquera mellora que se poida aplicar no proceso de prestación de apoios que engadan valor ao obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas usuarias e as súas familias



## B. PAUTAS DE COMPORTAMENTO DOS MEMBROS DOS EQUIPOS DE DIRECCIÓN E XESTIÓN DA REDE MENELA E DOS RESPONSABLES DOS SEUS CENTROS E SERVIZOS

### ***1. RESPECTO DOS USUARIOS E ÁS SÚAS FAMILIAS***

#### Igualdade e Non Discriminación

- Informará a familias, persoal de apoio e persoas con TEA do seu dereito a participar na comunidade en igualdade de oportunidades.
- Asesorará a familiares, persoal de apoio e persoas con TEA dos procedementos para informar e denunciar situacións nas que se discrimine a persoas con TEA ou as súas familias.
- Desenvolverán Servizos e Apoios orientados á participación en igualdade de condicións na comunidade.
- Concienciará por distintos medios á sociedade da igualdade das persoas con TEA.
- Denunciará nas administracións competentes situacións nas que se vulnere a igualdade de oportunidades e se producira un trato discriminatorio.

#### Accesibilidade

- Desenvolverá un protocolo para a inclusión, onde se establezan de forma explícita recomendacións para a adaptación de contornos que fomenten a accesibilidade.
- Informará ás familias en relación ós seus dereitos en canto a accesibilidade así como as vías para reivindicar eses dereitos.
- Desenvolverá unha guía sobre recursos accesibles
- Adaptará os Servizos e Centros á normativa de accesibilidade.
- Actualizará e coñecerá a normativa e lexislación sobre accesibilidade.
- Defenderá os apoios persoais como elementos claves para a accesibilidade das persoas con TEA ós diferentes contornos comunitarios.
- Actualizará o coñecemento das novas tecnoloxías que faciliten o acceso a contornos inclusivos.

#### Protección contra a Explotación, a Violencia e o Abuso

- Formaranse e buscarán orientación acerca de cales son as posibles situacións de abusos.
- Desenvolverá un protocolo para a prevención de abusos.
- Respaldará, asesorará e avalará ás familias en aqueles casos de abusos evidentes no exercicio das súas accións ou decisións.
- Orientará sobre recursos dispoñibles onde recibir asesoramento legal.
- Denunciará polas vías legais pertinentes os abusos evidentes ás persoas con TEA por parte das familias.

### Vida Independente e Inclusión na Comunidade

- Desenvolverá Servizos de vivenda axustados a criterios que aseguren a Calidade de Vida, e se axuste ás diferentes necesidades de apoio, as súas preferencias e as súas características individuais.
- Asesorará á Administración Pública para desenvolver políticas relativas a vivenda axeitadas para as persoas con TEA, que respecten a súa dignidade e que promova melloras na súa calidade de vida.
- Asegurará unha formación en autodeterminación a familias e persoal de apoio.

### Liberdade de Expresión, Opinión e Acceso á Información

- Asegurará a formación a persoal de apoio e familias no dominio de adaptacións visuais e de calquera outra índole para a adecuada comprensión das persoas con TEA en todos os ámbitos, así como no desenvolvemento da súa autodeterminación, dentro dos plans de formación e formación a familias.
- Asegurará a formación ó persoal de apoio e familias en modelos de -Planificación Centrada na Persoa, que aseguren unha implicación da persoa con TEA, así como o desenvolvemento da súa autodeterminación.
- Establecerá un sistema de comunicación onde as persoas con TEA podan expresar as súas opinións sobre aspectos do seu día a día (organización, traballos, decoración, persoas que lles apoien, etc.).
- Establecerá procedementos claros para que as persoas con TEA podan expresar as súas opinións á hora de tomar decisións significativas tanto a nivel individual como de funcionamento da asociación.
- Promoverá a concienciación á sociedade ou comunidade das necesidades de apoio e recursos axeitados para a comunicación das persoas con TEA.
- Defenderá que as persoas con TEA sexan escoitadas e teñan oportunidade de expresarse.

### Privacidade

- Asegurará o cumprimento da Lei Orgánica de Protección de Datos.
- Desenvolverá Servizos que aseguren a privacidade das persoas con TEA.

### Educación

- Colaborará coa Administración Pública para desenvolver unha normativa e Servizos que aseguren unha educación especializada e axustada en base ás súas necesidades educativas.
- Apoiará ás familias na denuncia daquelas situacións nas que se vulnere o acceso do alumno ou persoa con TEA a unha educación axeitada cos apoios especializados que necesite.

- Participará na formación dos profesionais de Centros Educativos ou de Formación tanto públicos como privados buscando a especialización e a súa mellor atención ás necesidades educativas dos alumnos con TEA.
- Ofrecerá unha formación especializada e actualizada ós seus profesionais para optimizar a educación das persoas con TEA.

## Saúde

- Asegurará o desenvolvemento dun Servizo de Atención Temprá específico e accesible.
- Participará en todas aquelas accións que podan mellorar a formación sobre TEA dos profesionais sanitarios.
- Establecerá convenios e proxectos para o desenvolvemento de accións nas que se facilite a participación das persoas con TEA en contornos sanitarios (programa de sensibilización, visitas a Centros de Saúde, mellora na accesibilidade, ...).
- Desenvolverá un protocolo e ofrecerá recursos que oriente a familias e persoal de apoio sobre a prevención e atención sanitaria.
- Desenvolverá un protocolo e ofrecerá recursos que oriente a familia e persoal de apoio sobre sexualidade.

## Formación, Intervención e Apoio

- Manterá unha actualización, coñecemento e formación a persoal de apoio e familias de recursos tecnolóxicos para persoas con TEA.
- Participará en todas aquelas investigacións, que tendo un aval dos seus investigadores recoñecido, aporten novidades e melloras na intervención e o apoio das persoas con TEA.
- Manterá un coñecemento actualizado sobre os avances en intervención e apoios mediante a participación en Congresos Nacionais e Internacionais e formación de ferramentas e metodoloxías con evidencia científica ou prácticas baseadas na evidencia.
- Asegurará unha formación especializada do persoal de apoio que garanta unha intervención e formación axustada ás necesidades, mediante un Plan de formación interna.
- Ofrecerá formación, orientación e asesoramento ás familias para poder compartir os obxectivos de apoio e intervención que se desenvolven cos seus fillo/as.

## Traballo e Emprego

- Desenvolverá un protocolo de valoración orientado ó emprego.
- Desenvolverá servizos de Emprego con Apoio ou apoiará e establecerá alianzas con aquelas entidades que podan desenvolver estes Servizos.
- Desenvolverá e buscará opcións formativas prelaborais dirixidas ó emprego.
- Sensibilizará á sociedade e ás empresas sobre as posibilidades e capacidades das persoas con TEA para acceder a un emprego.
- Colaborará coa Administración Pública no apoio de iniciativas e programas de Emprego con Apoio.



## Lecer e Tempo Libre

- Promoverá que os contornos, tanto persoais como materiais, sexan axeitados para a participación en actividade culturais, recreativas e deportivas.
- Orientará ás familias e persoas con TEA na denuncia daqueles lugares ou centros que vulneren o seu dereito a participar de contornos culturais, recreativos ou deportivos en igualdade de condicións.
- Sensibilizará á sociedade sobre a participación igualitaria das persoas con TEA nas actividades da comunidade

## **2. EN RELACIÓN CO PERSOAL AO SERVIZO DA ENTIDADE**

- Seleccionaremos e Contrataremos aquelas candidatos mais axeitados para o posto, sen considerar ningún condicionante alleo á capacidade profesional
- Ofreceremos condicións laborais xustas e equitativas
- Organizaremos a acción preventiva a fin de eliminar calquera risco para a integridade ou a saúde dos profesionais
- Promoveremos o acceso de traballadores con discapacidade e procuraremos a adaptación de postos de traballo para facelos accesibles

## **3. EN RELACIÓN CON PROVEDORES**

- Contratamos publicamente e baseados no mellor interese do Rede sen favoritismos nin amíguesmos, buscando que os produtos ou servizos conveñan a Rede menela en función do prezo, entrega e calidade.
- Aplicamos con rigor a lexislación vixente en materia de contratación de bens ou servizos.
- Rexeitamos as prácticas de corrupción ou que teñan por propósito a corrupción.
- Tramitamos e pagamos as contas coa celeridade que o compromiso esixa segundo os termos contractuais e a dispoñibilidade de fondos.

## **4. EN RELACIÓN COA RENDICION DE CONTAS**

- Subministramos en forma veraz e oportuna a información que razoable e lexitimamente soliciten os organismos de control e demais autoridades públicas para o cumprimento dos seus labores públicos.
- Recoñecemos a importancia da participación cidadá e respectamos o seu exercicio na forma permitida pola lei.
- Garantimos o dereito á información mediante o estricto cumprimento dos mecanismos constitucionais e legais.

## **5. EN RELACIÓN CO MEDIO AMBIENTE**

- Promovemos dende a Rede Menela co cumprimento da normativa ambiental vixente en materia de disposición e manexo de escouras a conservación do Ambiente.
- Apoiamos as iniciativas doutras entidades que busquen preservar o Ambiente e garantir un desenvolvemento sostible na nosa Comunidade.
- Promovemos a posta en marcha de prácticas internas protección ecolóxica para o manexo dos recursos.
- Divulgamos dende a Rede Menela, entre os profesionais, provedores e clientes, a preservación e conservación Ambiental na medida das nosas capacidades e posibilidades.

## PARTE III. CONSIDERACIÓNS FINAIS

### Conflito de intereses

As actuacións da Rede Menela están orientadas sempre cara a satisfacción dos seus mellores intereses e os dos seus usuarios, sen consideracións persoais. As relacións de parentesco, amizade ou expectativas fronte a provedores actuais ou potenciais, contratistas, clientes ou reguladores non deben afectar a nosa independencia e mellor xuízo.

Calquera situación que sexa ou pareza ser un conflito de interese que xurda coa Entidade, un provedor, compañeiro de traballo ou fronte ás persoas que nos afectan ou interesan corporativamente debe ser posto en coñecemento da dirección a maior brevidade.

#### 1.- Actividade laboral externa

Os profesionais podemos ter actividades laborais ou comerciais adicionais sempre e cando estean de acordo coa lei, non afecten o noso rendemento e se desenvolvan fóra do horario de traballo.

Calquera prestación laboral ou profesional externa que supoña unha concorrencia, aínda que non sexa desleal, coa actividade da Rede Menela será comunicada polo afectado aos seus responsables coa anticipación necesaria.

#### 2.- Familiares e relacións persoais próximas

Sen prexuízo do que sobre o réxime de inhabilidades e incompatibilidades preveña a lei e demais normas aplicables, non empregamos a nosa influencia para facer que o Rede Menela teña relacións comerciais con empresas nas que os nosos parentes ou amigos próximos teñan intereses.

#### 3.- Agasallos e Dádivas

Os regalos non sempre son artigos ou bens físicos de valor: tamén o son as atencións, servizos ou favores. Como profesionais non aceptamos dádivas, propinas e menos subornos. Tampouco aceptamos nada que poda dar a impresión de que a nosa independencia de criterio en favor dos mellores intereses do Rede Menela está sendo comprometida. Non subornamos nin nos deixamos subornar e denunciaremos ante as autoridades competentes calquera proposta ou acto corrupto. Non aceptamos a título individual ningunha clase de convite ou regalo de contratistas nas súas diferentes modalidades nin de persoas naturais e xurídicas ás cales prestamos servizos en cumprimento da misión institucional.

## **Criterios de Interpretación, Difusión e Actualización**

Este código é un marco de referencia e será a base para un proceso de socialización e fortalecemento dos principios e valores; a súa utilidade e forza está no seu coñecemento. O Rede Menela difundirá convenientemente este Código entre todos os seus servidores.

Todos os profesionais da Rede Menela, no marco da autorregulación e o cumprimento voluntario das normas, estaremos atentos a calquera acción ou omisión que poida constituír unha violación a este Código. Trataremos de evitalas e tomaremos prontamente a acción correctiva necesaria para remediar e evitar a repetición de accións que atenten contra os principios e valores e bens públicos aos que consideramos sagrados.

A Xerencia e o Comité de Ética atenderán todas as consultas sobre dilemas éticos dos servizos da Rede Menela, orientarán a toma de decisións, sinalarán e validarán criterios de interpretación e farán públicos eses criterios interpretativos. Todos os profesionais do Rede Menela participamos, directamente ou de forma delegada, a elaboración e actualización deste Código.